

旅舍  
國內親  
旅遊  
7822008  
7822004  
CHINA GUEST HOUSE  
525-543 號 榮華大屋  
C座12字1213室

長城專科(男)醫師  
快速根治  
肛痔  
皮膚病  
寶寧大廈C座4



N • "A BOA PERSOA DE SEZUÁN" • A  
LT BRECHT • DE BERTOLT BRECHT • DE BERTOLT B



**DIRECCIÓN:** NUNO CARDOSO • **ESPAZO ESCÉNICO:** FERNANDO RIBEIRO • **ILUMINACIÓN:** JOSÉ ÁLVARO CORREIA • **MÚSICA DAS CANCIÓNS:** FRAN PÉREZ "NARF" • **VESTIARIO:** LA CANALLA • **LINGÜISTA:** EMILIO CAO VÁZQUEZ • **TRADUCTOR:** FRANK MEYER • **AXUDANTE DE DIRECCIÓN E MOVEMENTO:** VÍCTOR HUGO PONTES • **ELENCO:** ROSA ÁLVAREZ • CESAR CAMBEIRO • ANTÓN COUCHEIRO • MÓNICA GARCÍA • ROCÍO GONZÁLEZ • ROBERTO LEAL • REBECA MONTERO • MARTA PAZOS • ALBERTO ROLÁN • FRANCISCO SALGADO • TONI SALGADO • HUGO TORRES

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO  
temporada 2008-2009

SEZUÁN • "A BOA PERSOA DE SEZUÁN" • A BOA  
BERTOLT BRECHT · DE BERTOLT BRECHT · DE BERTOLT BRECHT

DIRECCIÓN: NUNO CARDOSO

Centro Dramático Galego  
Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 581 111  
[centro.dramatico.galego@xunta.es](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.es)

[www.centrodramatico.org](http://www.centrodramatico.org)

Comunicación.  
AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)  
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)  
[comunicacion.agadic@xunta.es](mailto:comunicacion.agadic@xunta.es)

[www.agadic.info](http://www.agadic.info)

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO  
temporada 2008-2009

SEZUÁN • "A BOA PERSOA DE SEZUÁN" • A BOA  
BERTOLT BRECHT · DE BERTOLT BRECHT · DE BERTOLT BRECHT

DIRECCIÓN: NUNO CARDOSO

TEATRO MUNICIPAL. ÁREA PANORÁMICA. TUI

Venres 14 de novembro ás 21.30 horas e sábado 15 ás 20.30 horas

Entradas ao prezo de 5, 7 e 9 €

Venda de entradas na billeteira do Teatro unha hora e media antes do comezo das funcións

## | ÍNDICE |

|                       |    |
|-----------------------|----|
| Presentación .....    | 4  |
| Ficha artística ..... | 5  |
| Funcións .....        | 6  |
| A obra .....          | 7  |
| Sinopse .....         | 10 |
| A produción.....      | 11 |
| O autor .....         | 12 |
| O director .....      | 15 |
| O elenco .....        | 16 |

## | PRESENTACIÓN |

### Resucita Brecht?

Pasaron sesenta e cinco anos desde que un expatriado Brecht escribiu na solleira California esta súa fábula amarga onde a bondade é detestada ao límite nun mundo desprovisto da mesma e no cal, a boa alma en cuestión, gaña interpretacións cada vez máis distantes daquilo ao que o sentido común nos leva precipitadamente a definir como bondade ou persoa bondadosa.

O mundo de entón era unha ferida aberta. O fascismo, o capitalismo e o comunismo enfrontábanse nunha horrible guerra que, máis que calquera outra antes, nos mostrou o mal e nos legou aos nosos días uns pavorosos, creo, sesenta millóns de mortos e unha palabra negra: holocausto.

O mundo mudou. Vivimos hoxe a era da globalización. O muro caeu. Inventamos foros internacionais para a mediación de conflitos ben máis eficaces que a obsoleta Sociedade de Nacións. A democracia foi investida como divindade e a fin da historia foi anunciada.

Entón por que?

Para que?

Cal é a razón de facer en 2008 *A boa persoa de Sezuán?*, de facer Brecht?

Non estará pasado?

Ben... deixo isto á consideración do lector. Antes de me despedir deixo soamente algunhas palabras, expresións e siglas que me levaron a abrazar este proxecto.

Afganistán, África, Banco Mundial, bolsa, Cimbabue, corrupción, crash, Darfur, débeda externa, emigración, EUA, fame, FMI, G8, globalización, humanidade, Iraq, Iugoslavia, Líbano, moda, Myanmar, OMC, OTAN, Palestina, petróleo, Quioto, Ruanda, sida, terrorismo, Timor, Unión Europea, vítimas, xenocidio, xenofobia.

Todas elas xurdiron mentres lía os xornais desta semana neste ano olímpico de 2008 e son elas as que me levan a pensar que talvez sexa apropiado montar Brecht. Non sei. Que opinan?

Nuno Cardoso

## | FICHA ARTÍSTICA |

|  |  |
|--|--|
| <b>Autoría</b>                         | Bertolt Brecht   |
| <b>Dirección</b>                       | Nuno Cardoso   |
| <b>Producción</b>                      | Centro Dramático Galego  |
| <b>Elenco</b><br>(por orde alfabética) | Rosa Álvarez: <i>A Muller, Puta, A Señora Yan, Transeúnte</i><br>César Cambeiro: <i>O Carpinteiro, Deus, Cliente, Transeúnte</i><br>Antón Coucheiro: <i>O Parado, O Vello, Deus, O Bonzo, Cliente</i><br>Mónica García: <i>A Caseira, Puta, Deus, Transeúnte, Obreira</i><br>Rocío González: <i>Xen Te / Xui Ta</i><br>Roberto Leal: <i>Avó, Xu Fu, Cliente, Transeúnte</i><br>Rebeca Montero: <i>Xin, Puta, Transeúnte, Obreira</i><br>Marta Pazos: <i>A Cuñada, Deus, A Vella</i><br>Alberto Rolán: <i>Sobriño, Sun, Transeúnte</i><br>Toni Salgado: <i>O Home, Deus, Cliente, Transeúnte, Obreiro</i><br>Machi Salgado: <i>O Policía, O Parado, Cliente, Transeúnte, Obreiro</i><br>Hugo Torres: <i>Wan, O Coxo</i> |
| <b>Axudante de dirección</b>           | Víctor Hugo Pontes   |
| <b>Produtor asistente</b>              | José Díaz  |
| <b>Meritorio de produción</b>          | Charlotte Grieser  |
| <b>Deseño do espazo escénico</b>       | Fernando Ribeiro   |
| <b>Deseño do vestiario</b>             | La Canalla   |
| <b>Deseño de iluminación</b>           | José Álvaro Correia  |
| <b>Deseño do espazo sonoro</b>         | Fran Pérez, Narf   |
| <b>Realización do vestiario</b>        | Clotilde Vaello, Cristina Cordido, Milagros Reimúndez  |
| <b>Realización da escenografía</b>     | Talleres da AGADIC   |
| <b>Maquillaxe</b>                      | Dolores Centeno  |
| <b>Prensa</b>                          | Gabinete de comunicación da AGADIC   |
| <b>Lingüista</b>                       | Emilio Cao Vázquez   |
| <b>Tradutor</b>                        | Frank Meyer  |
| <b>Caderno pedagóxico</b>              | Carlos Labraña (GALIX)   |
| <b>Fotografía</b>                      | Tono Arias   |
| <b>Deseño gráfico</b>                  | Signum   |
| <b>Gabinete de comunicación</b>        | Trisquelia   |
| <b>Coordinación de Espazos CDG</b>     | Xocas López  |
| <b>Revisión lingüística</b>            | Rossetta   |

## | FUNCIONES |

## FUNCIONES XERAIS

|                               |  |
|-------------------------------|--|
| <b>Santiago de Compostela</b> | Salón Teatro: 24 de outubro ás 21.00 h., día 25 ás 20.30 h. e día 26 ás 18.00 h.<br><b>Estrea: venres, 24 de outubro ás 21.00 h.</b> |
| <b>Carballo</b>               | Pazo da Cultura: 31 de outubro ás 21.00 h.<br>(Festival Internacional Outono Teatro)   |
| <b>A Coruña</b>               | Teatro Rosalía: 7 e 8 de novembro ás 20.30 h.  |
| <b>Tui</b>                    | Teatro Área Panorámica: 14 de novembro ás 21.30 h. e día 15 ás 20.30 h.  |
| <b>Lugo</b>                   | Auditorio Gustavo Freire: 22 de novembro ás 21.00 h.<br>(Festival Clásicos Contemporáneos)   |
| <b>Santiago de Compostela</b> | Salón Teatro: do 26 de novembro ao 14 de decembro<br>venres e sábados ás 20.30 h e domingos ás 18.00 h.                              |
| <b>Vigo</b>                   | Centro Cultural Caixanova: 27 e 28 de decembro ás 20.30 h.   |
| <b>Narón</b>                  | Pazo da Cultura: 9 de xaneiro ás 20.30 h. e día 10 ás 20.00 h.   |
| <b>Pontevedra</b>             | Pazo da Cultura: 17 de xaneiro ás 21.00 h.   |
| <b>Ourense</b>                | Teatro Principal: 23 e 24 de xaneiro   |
| <b>Ferrol</b>                 | Teatro Jofre: 30 e 31 de xaneiro   |
| <b>O Barco de Valdeorras</b>  | Teatro Lauro Olmo: 6 de febreiro   |
| <b>Vilagarcía de Arousa</b>   | Auditorio Municipal: 13 de febreiro  |

## FUNCIONES ESCOLARES

|                               |   |
|-------------------------------|---|
| <b>Santiago de Compostela</b> | Salón Teatro: do 26 de novembro ao 14 de decembro<br>Mércores e xoves ás 10.30 h. |
| <b>Pontevedra</b>             | Pazo da Cultura: 16 de xaneiro ás 10.00 h.  |
| <b>Ourense</b>                | Teatro Principal: 21 e 22 de xaneiro  |
| <b>Ferrol</b>                 | Teatro Jofre: 28 e 29 de xaneiro  |
| <b>O Barco de Valdeorras</b>  | Teatro Lauro Olmo: 5 de febreiro  |
| <b>Vilagarcía de Arousa</b>   | Auditorio Municipal: 12 de febreiro   |

## | A OBRA |

*A boa persoa de Sezuán* é, sen dúbida, teatro épico. No entanto, a intensidade nos razoamentos e a esaxeración na caricatura das situacións -semellante ás primeiras obras de Brecht- fan difícil conservar unha actitude imparcial, malia o recurso do *distanciamento*. Por outra banda, nesta peza desapareceu a claridade do esquema das obras propagandísticas, o cal aumenta o interese dramático. Así, no canto dunha mensaxe partidista, xorde unha dialéctica de actitudes opostas que provocan tensión e fan que o espectador se sinta implicado á maneira do teatro tradicional.

*A boa persoa de Sezuán* presenta o tema da pobreza e da riqueza, do patrón e do traballador, dunha forma extrema. A figura do reformador compasivo preocupara anteriormente a Brecht; a súa obra *A medida* é un bo exemplo. A análise de *A boa persoa de Sezuán* pódenos levar a interpretar este tema de forma tradicional e demostrar os desastres a que pode conducir a xenerosidade absoluta. Presentada nestes termos, a obra sería trágica, xa que demostra a imposibilidade total da bondade humana. Por outra parte, pode facerse unha interpretación en termos existencialistas e demostrar o absurdo da virtude, pero afirmándoa, de todos os xeitos, como un logro humano. Pero a extrema compasión de Xen Te, malia ser unha loucura, esperta unha fonda admiración.

Porén, a peza de Brecht é máis complexa e debe terse en conta unha terceira posibilidade. No limiar, Brecht indica que “a provincia de Sezuán desta parábola, que representaba a todos os lugares nos cales o home era explotado polo home, non forma parte xa deses lugares”. Noutras palabras, esta é a pintura dunha sociedade competitiva, e os seus problemas son os do capitalismo e non os da moderna China comunista, co cal posibilita que o público adopte unha nova actitude totalmente distante. Pode ocorrer, polo menos en parte, que o público nin sinta admiración pola caridade quixotesca de Xen Te, nin pesadume pola súa traxedia; unicamente sorpresa de que este tipo de ideais ocupase algunha vez o corazón humano. Esa é a actitude que Brecht agardaba e iso pode levarnos a considerar con máis detemento a discusión entre Wan, o vendedor de auga, e os tres deuses. Wan suxírelles que os ideais que se lles deben pedir ás persoas non sexan absolutos -xa que logo, case inalcanzables- senón calidades humanas: a bondade en vez do amor, a equidade en vez da xustiza, a decencia en vez do honor. En certo modo, a obra pretende demostrar que é precisamente a devoción de Xen Te cara a un ideal imposible o que a transforma no seu implacable oposto: xa que non pode amar do mesmo modo a todas as persoas, desespérase e trata de acadar os seus fins por medio da crueldade. É paradoxal, pois o amor permite que xurda o capitalismo. Nestes termos, a moral da parábola non é que nunha sociedade competitiva a bondade sexa case suicida, senón máis ben que a sociedade competitiva é compatible coa procura da bondade absoluta.



No entanto, sexa o que for o que Brecht pensara, esta solución aínda ten problemas. Xa se viu como na súa propia vida o desexo de facer o ben levouno ao comunismo, que esixe, igual ca o capitalismo, facer o mal para que del poida xurdir o ben. En realidade, un crítico comunista ve a mensaxe da obra precisamente na necesidade de realizar determinada acción. Tomando a Xui Ta como o seu modelo, declara que *para ser bo debo ser cruel*, e lembra que en todos os países o comunismo só se logrou por medios de violencia e opresión comparables aos de Xui Ta, aínda cando as intencións non fosen as mesmas. A bondade, a equidade e a decencia non abundan para dar a forza impulsora que *cambie o mundo*, só os modelos imposibles, con todos os riscos que isto implica, estimulan as persoas.

En conclusión, Xen Te é consciente do seu fracaso, non segundo a moral comunista, senón de acordo co seu concepto da caridade. Ao tempo, os espectadores vémonos incapaces de catalogar a actitude de Xen Te. Buscamos alternativas, coma as suxeridas por Wan, e atopámolas insatisfactorias.

Intentamos utilizar os recursos tradicionais como: “o sufrimento purifica”, “a coraxe aumenta co perigo”, “o ben sempre triunfa”, pero son anulados polos deuses. Brecht busca outra saída e isto é o que lle dá á obra o seu final aberto, deixando a decisión nas mans do público. O autor non ofrece, neste caso, distintas posibilidades para elixir, senón que lle outorga ao espectador verdadeira liberdade.

Desde o punto vista político, a obra limítase a presentar o problema da creación dunha sociedade xusta a partir dunha multitude composta de individuos na súa maior parte inxustos, pero non da pé a elixir entre unha ou outra solución. Isto é seguramente o que Brecht quería manifestar cando valorou a súa obra como unha “obra en forma de parábola”. A distribución da riqueza é desigual tanto dentro dos países industrializados coma no *Terceiro Mundo*. Ademais doutras finalidades, as obras de Brecht sinalan unha sentenza, como o fixo no seu momento, a parábola do bo samaritano.

Texto extraído do Carderno Pedagóxico “A boa persoa de Sezuán”

Carlos Labraña (GALIX)

### A escenografía, da man de Fernando Ribeiro

Esta peza de Brecht está contextualizada nun ambiente urbano destruído polo consumismo e pola urbanización. O escenario é un espazo aberto, onde calquera cousa que os actores fagan teña cabida dentro.

Imaxinámolos como un xogo entre un chan e un fondo. O chan é unha explanada asfaltada. E o fondo construíuse con varios carteis luminosos que representan os espazos por onde transcorre a peza, como restaurantes, perruquerías etcétera. Estes sinais luminosos tamén axudan a suxerir o ambiente urbano que queremos conseguir. Ademais, no escenario atopamos elementos normais que toda a xente coñece, como portas, cadeiras... nada moi estilizado, pero estes elementos presentanse traballados dunha maneira creativa cos actores.

### O vestiario, da man de La Canalla (Patricia e Fran)

O proceso de creación do vestiario, igual que a escenografía, realizouse en coordinación co director da montaxe, Nuno Cardoso. Os camiños abertos foron moitos, con referencias a artistas plásticos contemporáneos como David LaChapelle, un fotógrafo americano que utiliza moito a idea da cultura urbana como cultura do consumo. Tamén miraron aos arrabaldes das cidades, onde a xente que vén do campo queda perdida, deslocalizada das súas orixes.

Cada un dos cadros de que se compón a peza ten referencias diferentes. Por exemplo, para a parte da fábrica de tabaco, que é un mundo gris, pártese da estética da película *Metrópolis* de Fritz Lang. Para o casamento de Xen Te e Ian Sun o punto de partida foi a cea reinterpretada por LaChapelle. O mundo dos deuses está preto dos políticos, ou dos vendedores de teletenda.

A estética tiña que ser contemporánea, a pesar da data da obra. Todas as personaxes levan elementos deportivos no vestir, porque en calquera documental, tanto ten en que parte do mundo, sempre aparece unha camiseta ou uns tenis de marca. O que non hai é un vestiario expresamente chinés, porque a xente de agora viste en todo o mundo igual, o único que os diferencia é o seu nivel económico. Tan só hai un aceno ao chinés nun elemento moi pequeno que levan todas as personaxes.

Logo, cada personaxe ten unha estética máis concreta. Por exemplo, Xen Te é unha rapaza coma calquera outra rapaza desa idade. O piloto Sun, que é o prototipo do mozo de barrio que ten ambición por ascender, podería estar encarnado por un xogador de fútbol como Cristiano Ronaldo. O barbeiro vén sendo unha especie de Sun vello, libidinoso. Despois, a propia personalidade da personaxe fai que vista un pantalón frouxo, ou unha peza de roupa moi apertada porque a personaxe ten que ter un movemento en concreto.

## | SINOPSE |

Tres deuses baixan á Terra coa intención de demostrar que aínda existen persoas boas e xustas. Pero só descubren á única que os acolle en Sezuán: Xen Te, unha prostituta a quen en agradecemento deciden darlle cartos para que poida cambiar de vida. Con ese diñeiro Xen Te aluga unha tenda de tabaco, mais axiña é asediada por esmoleiros e amigos necesitados. A súa xenerosidade é tan grande que non tarda en volver estar nunha situación económica precaria.

Para saír desa situación, decide disfrazarse de cando en vez dun curmán imaxinario chamado Xui Ta, que con enorme frialdade pon fin ás innumerables peticións que a xente, confiada na súa bondade, lle facía a Xen.

Xen Te namórase de Sun, un aviador que está sen traballo. El é un home egoísta que só a quere polos cartos. De novo, a súa bondade lévaa ao desastre. Decepcionada, a única personalidade de Xen Te vai ser Xui Ta e coa axuda dun barbeiro instala unha fábrica de tabaco e dálles traballo aos necesitados.

Namentres, Xui Ta é arrestado polo suposto asasinato de Xen Te. Os deuses forman o tribunal que xulga o caso e Xui Ta revélalles en segredo a súa verdadeira personalidade. Cando se decatan disto, os deuses mostran a súa ledicia, pois aínda queda unha muller boa sobre a terra. Pero Xen Te protesta dicindo que ela non é só a boa muller; nela hai dúas personalidades e ela xa non pode vivir sen o seu curmán. Así e todo, esta cuestión non lles preocupa aos deuses. Eles suxiren que pode permitirse un uso controlado de Xui Ta, por exemplo, unha vez ao mes. Volver ao ceo deixando a Xen Te debaténdose nas súas dúbidas de conciencia.

## | A PRODUCCIÓN |

### Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral compañía de teatro adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), entidade que sucede ao IGAEM segundo a Lei 4/2008 de 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Parlamento de Galicia.

Nestes case 25 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por temporada, seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da AGADIC (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *Estigma*, de Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo con dirección de Dani Salgado, *Valdemuller* de Xosé A. Neira Cruz e dirixida por Pablo Vergne (2008) e *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2007) de William Shakespeare e dirección de Quico Cadaval.

## | O AUTOR |

### Bertolt Brecht: vida e obra

Bertolt Brecht é considerado un dos dramaturgos máis destacados e anovadores do século XX. Nado o 10 de febreiro de 1898 en Ausburgo (Baviera, Alemaña), criouse nunha próspera familia burguesa, de pai católico e nai protestante, e, como el mesmo recoñecía, foi educado no hábito de ser atendido e na arte de dar ordes. Comezou a escribir poesía cando era un rapaz e publicou os seus primeiros poemas á idade de 16 anos.

En 1917, Brecht iniciou os estudos de medicina na universidade de Múnic. Ao ano seguinte foi chamado a filas como soldado sanitario nun hospital militar en Ausburgo no marco da Primeira Guerra Mundial. Desta vivencia, esencial na súa vida, escribiu os seus primeiros poemas de forte espírito revolucionario. Entre estes poemas destaca *Lenda do soldado morto*, que lle valeu aparecer na lista negra de Hitler. Durante ese tempo coñeceu a Paula Banholzer-Gross, con quen tivo un fillo en 1919. Despois da guerra volveu aos seus estudos, que abandonou finalmente para dedicarse á literatura e ao teatro.

### Inicios

Entre 1920 e 1924 vive a cabalo entre Múnic e Berlín, potenciando a súa formación teatral e participando en diversos espectáculos como dramaturgo no Kammerspiele de Múnic. En 1922 casou coa actriz de teatro e cantante de ópera Marianne Zoff, con quen tería dous fillos e da cal se divorciou tres anos despois. Finalmente en 1924 trasládase a Berlín e comeza a traballar como dramaturgo no Deutsches Theater, onde se encontra con Erwin Piscator e Kurt Weill, con quen colaborará máis adiante. No ano 1929 casa con Helene Weigel, que será a súa compañeira e colaboradora ata a súa morte.

Desde 1926 tivo frecuentes contactos con artistas socialistas que marcaron fundamente a súa ideoloxía. As súas primeiras obras xa acusaron a influencia do pensamento hegeliano, que coñecía desde a súa primeira mocidade, así como as obras do discípulo de Hegel, Karl Marx. Brecht sempre quixo influír no público coas súas actuacións, conciencialo e facelo pensar; para iso foi configurando unha teoría dramática antirrealista que procuraba distanciar o espectador do elemento anecdótico.

Para lograr chegar á xente que pretendía educar fixouse nos medios de comunicación de masas como a radio, o teatro e mesmo o cine. A súa meta era acadar un cambio social que lograra a liberación dos medios de produción, influíndo tanto no ámbito intelectual coma no estético. Poden observarse estes obxectivos xa

nas súas primeiras obras como *Baal* (1918-19), *Tambores na noite* (1919) e *Na xungla das cidades* (1921-24), todos eles textos de aprendizaxe. Pero é na peza *Un home é un home* (1924-26) -a peripecia dun humilde traballador portuario irlandés que, logo de asumir a posición dun soldado británico, acaba por converterse nun animal sanguinario- onde agroman con forza os elementos que van configurar o que el mesmo denominará teatro épico. Nas seguintes obras, como *A ópera de catro patacos* (1928) -adaptación da obra de John Gay, *The Beggar's Opera*, datada en 1728- atopamos o teatro épico xa desenvolvido. Coa peza *Ascensión e caída da cidade de Mahagonny* (1930), Brecht engade novos recursos e presenta as primeiras reflexións sobre o que el consideraba ser o *teatro épico*.

Nos anos trinta, Brecht acomete unha nova liña de traballo caracterizada pola procura dun novo tipo de pezas que el denomina *didácticas* ou para a aprendizaxe. Estas obras destacan polo uso dunha linguaxe moi clara e precisa, con diálogos moi expositivos e próximos á deliberación; pola presenza de moi poucos elementos de significación, coma se a palabra fose o elemento fundamental e a insistencia na parábola. Consideramos pezas didácticas, entre outras, as dúas seguintes: *A excepción e a regra* (1929) e *A medida* (1930).

### O exilio: de 1933 a 1948

Nos anos trinta os libros de Brecht foron prohibidos en Alemaña e as súas representacións foron interrompidas pola policía. O 28 de febreiro de 1933 -un día despois do incendio do Reichstag Brecht-, xunto coa súa familia e amigos, abandonan Berlín e foxen a través doutros países a Dinamarca, lugar onde viviron cinco anos.

En 1939 abandonou Dinamarca para vivir durante un ano nunha granxa preto de Estocolmo. De alí viaxou en abril de 1940 a Helsinki, onde viviu como convidado da escritora finlandesa Hella Wuolijoki. Foi neste período cando comezou a escribir, xunta a súa anfitriña, *O señor Puntila e o seu criado Matti*. Nesta peza expresa a inxustiza do traballador fronte ao patrón. Para o dramaturgo, a diferenza de clases marca de maneira definitiva a vida dos seres humanos durante o seu camiñar neste mundo.

Desde Finlandia, Brecht continúa coa súa viaxe a través da Unión Soviética ata os Estados Unidos. En 1941 asentouse en Santa Mónica, preto de Hollywood. O seu obxectivo era integrarse no mundo cinematográfico para actuar politicamente a través do cine, pero iso só o conseguiu en pequena medida. Ademais, organizou algunhas representacións tetarais menores, na maioría dos casos en escenarios de emigrantes. En outubro de 1947 foi interrogado polo *Comité de Actividades Antiamericanas* debido ás súas ideas comunistas. Aínda que non tivo consecuencias para o autor, decidiu abandonar o país e viaxou a Zúric (Suíza).

Nesta última época desenvolveu o que se considera a súa *dramaturxia dialéctica*, onde podemos situar obras como *Nai Coraxe e os seus fillos*, *A boa persoa de Sezuán*, *O círculo de xiz caucásico* e *A vida de Galileo*,

escritas todas entre 1938 e 1945. Con estas pezas Brecht tratou de mostrar a dialéctica do real a través do desenvolvemento de situacións, condutas e conflitos dunha historia concreta. A dimensión dialéctica presente nestes textos queda de manifesto se consideramos o primeiro deles, e a visión que no imaxinario colectivo se foi conformando de *Nai Coraxe*.

### O regreso: o Berliner ensemble

Despois de escapar do nazismo e ser atacado polo liberalismo norteamericano, Brecht regresa á República Democrática Alemá nos seus últimos anos e funda unha compañía e taller de dramaturxia con orzamentos claramente políticos. O Berliner Ensemble foi fundado en Berlín oriental en xaneiro de 1949 baixo a dirección de Weigel, a muller de Brecht. Despois dun período transitorio, a compañía estableceríase de xeito definitivo no Theater am Schiffbauerdamm. A maioría das súas primeiras producións eran obras de Brecht dirixidas por el mesmo. Á súa morte, Weigel continuou a dirixir a compañía ata 1971.

A relación entre este centro brechtiano e as institucións comunistas foi difícil. As tensións entre Brecht e a burocracia cultural da RDA repetíronse na historia do Berliner Ensemble. Os censores -do Partido Socialista Unificado de Alemaña- chegaron mesmo a prohibir varias pezas, entre elas *Santa Xoana dos matadoiros* e o filme *Kuhle Wampe*, unha homenaxe á liberdade desde unha aposta anárquica. Brecht morreu por mor dun paro cardíaco o 14 de agosto de 1956, cando estaba a ensaiar *A vida de Galileo*.

## | O DIRECTOR |

### Nuno Cardoso, o compromiso emerxente portugués

Nuno Cardoso, actor, director, avogado frustrado e tímido por natureza, é un dos responsables do bo momento que atravesamos a creación dramática contemporánea en Portugal.



Os seus espectáculos aséntanse sobre unha plástica impecable e sobre un traballo actoral físico de gran altura. Ademais o seu compromiso social levouno a realizar proxectos paralelos ás súas montaxes nos que os actores cos que contou foron presidiarios e xente nova de barrios marxinais.

Nacido en 1970 abandona os seus estudos de avogacía e historia para montar o grupo Visões Úteis no que desenvolve a súa actividade ata 1998. Nese mesmo ano asume a dirección do Teatro Nacional Carlos Alberto en Porto. Un espazo que baixo a súa dirección dá cabida a moitas das novas propostas artísticas de xente nova con discursos artísticos e plásticos máis contemporáneos.

É a súa estreita colaboración co Teatro Nacional São João a que o enaltece como un dos directores novos máis importantes da Península: *O despertar da primavera* de Frank Wedekind ou un impecable *Woyzeck* son os exemplos do seu traballo neste teatro a través do que se lle abren as portas de todos os teatros europeos como o Théâtre National de Bordeaux en Aquitania con *Antígona* de Brecht e o seu sobresáinte *Plastici-na* para o Teatro Nacional São João.

En 2007 dirixe para o Teatro Nacional Dona María de Lisboa un *Ricardo II* e leva a cabo unha posta en escena paralela do mesmo texto con mozos de barrios marxinais de Lisboa, á que titulou *R2*. Para o mesmo teatro e no mesmo ano, esta vez en gran formato, levou a escena *Boneca* a partir de *Unha casa de bonecas* de Ibsen. O pasado mes de xullo estreou *Platónov* de Antón Chéjov para o Teatro Nacional São João.



## | O ELENCO |

### Rosa Álvarez (*A Muller, Puta, A Señora Yan, Transeúnte*)



Actriz de teatro, cine e televisión, posúe unha recoñecida traxectoria profesional que principou en 1969 dentro da compañía de teatro afeccionado Teatro Abrente na que participa ata 1974 en diversas montaxes. Entre os anos 1978 e 1985 forma parte da compañía Artello Teatro, grupo do que é membro fundador e co que actúa en *Tará-chis-pum* (1978), *As nubes* (1980), *A cantante calva* (1981), *¡¡¡Manda truco!!!* (1982), *Celtas sen filtro* (1983) e *Gulliver F.M.* (1985).

Entre os numerosos papeis escénicos destacan igualmente os desenvolvidos para Manivela Producións nas montaxes *Auto do prisioneiro* e *Compañía* (2001); para Teatro do Atlántico en *Casa de Bonecas* (1995) e para Espello Cóncavo en *Vapores* (1996), así como para Lagarta Lagarta - a compañía que creou en 2001 xunto con Ernesto Chao - en *Fobias* (2004), *Carambola* (2006), *As últimas lúas* (2006) e recentemente *Aeroplanos*, onde debutou como directora (2008).

Rosa Álvarez ten traballado anteriormente co CDG noutras catorce producións: *Woyzeck* (1984), *Os vellos non deben namorarse* (1985), *O enfermo imaxinario* (1986), *As alegres casadas* (1989), *A casa dos afogados* (1991), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *Un soño de verán* (1992), *Un refaixo para Celestina* (1993), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata* (1997), *O peregrino errante que cansou ó Demo* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Antígona* (1998) e *Eu estaba na casa e agardaba a que viñese a chuvia* (1999).

Canto á televisión, deu vida á protagonista da serie *Imos aló*, ao igual que outras personaxes principais de producións nas que tamén ten intervido (*Avenida de América, Pequeno Hotel, Libro de familia, Efectos secundarios...*), ademais de participar en varios episodios de *Pratos combinados, Mareas vivas, Pepe o inglés, Un lugar chamado Miranda, Policías, Periodistas, Hospital Central...*

Ten participado nunha ducia de filmes entre os que destacan *Esperanza* (1986), *Divinas palabras* (1987), *Sempre Xonxa* (1989), *Martes de Carnaval* (1990), *O baile das ánimas* (1993), *A noiva de medianoite* (1997), *La rosa de piedra* (1999), *Días de voda* (2002), *Trece baladas* (2002), *A promesa* (2003), *A vida que te espera* (2003), *Heroína* (2004), *O ano da garrapata* (2004), *De bares* (2006) e *Os mortos van á presa* (2008).

Entre os numerosos premios que recibiu destacan os Premios María Casares á mellor actriz protagonista por *Compañía* (2001) e *Fobias* (2005), o Premio Maruxa Villanueva á traxectoria (2003) e o Premio Mestre Mateo do Audiovisual Galego á mellor actriz secundaria pola longametraxe *De bares* (2007).

### César Cambeiro (*O Carpinteiro, Deus, Cliente, Transeúnte*)

Actor de teatro, cine e televisión, inicia a súa actividade profesional nos anos 80 dentro do grupo de títeres e de teatro infantil Petónda Fox (*O tesouro da Raíña Lupa* e *Pallasín Pallasete*) e do grupo Birimbau (*O cabaleiro inexistente*).



Tras ser membro fundador de Teatro do Adro e poñer en escena a montaxe *Petición de man* (1994), sobe aos escenarios con diversas compañía teatrais como A. T. Coruñesa, Teatro do Atlántico, Traslús, Teatro Galileo ou Os Quintilláns nas obras *El puñal del godo* (1995), *Don Juan Tenorio* (1995), *A noite dos Tribades* (1996), *Flores de papel* (1997), *Medianoite* (1999), *Esperando a Godot* (1999), *Gulliver* (2000), *Servidor de dous anos* (2004), *O divertimento do Rei* (2005), *García* (2005) ou *O avaro* (2006).

Para o CDG interveu en catro das súas producións: *Os vellos non deben namorarse* (2000), *A cacatúa verde* (2001), *Rosalía* (2001) e *Daquel Abrente: Laudamuco. Señor de Ningures* (2003).

No ámbito televisivo está unha das súas principais áreas de traballo, pois, ademais de contar con papel fixo en varias producións autonómicas como *Terra de Miranda* e *Pequeno Hotel*, actuou nas teleseries *Valde- rrei*, *O bosque de levas*, *Música secreta*, *La Atlántica*, *Pataghorobí*, *Rías Baixas*, *Un mundo de historias*, *Galicia express*, *Mareas vivas*, *Pratos combinados...* Tamén tivo roles episódicos en teleseries de canles privadas españolas como *El comisario*, *Policías* ou *Periodistas*.

En cine, participou nos filmes *La noche que dejó de llover* (2007), *El menor de los males* (2006), *Siete mesas* (2006), *Adeus Estrada* (2006), *De Bares* (2005), *Heroína* (2004), *Mar adentro* (2003), *Los lunes al sol* (2001) e *Ilegal* (2001).

### Antón Coucheiro (*O Parado, O Vello, Deus, O Bonzo, Cliente*)

Antón Coucheiro formouse na Escola de Teatro e Danza Contemporánea Espacio Aberto de Santiago de Compostela, no AUM de Teatro Non-Verbal de Praga e na Escola de Circo Fundação Progresso de Rio de Janeiro. Ademais, de realizar numerosos cursos de danza contemporánea, teatro físico e butoh, recibiu clases dos mellores mestres de *clown* como Carlo Colombaioni, Leo Bassi, Jango Edwards, P. Gaulier, Johny Melville, Loco Brusca...



Como actor de teatro, traballou coas compañías galegas Chévere (*Río bravo 02* e *Escapárate*, 2003), Matarile (*Historia Natural*, 2005), A Factoría Teatro (*O canto do Dime-Dime*, 2003) e os Quintilláns (*As abellas*, 2003). Para o CDG interveu na produción *Illa Reunión*, dirixida por Ana Vallés (2006) e na coprodución con Pistacatro *Kamikaze* (Hernán Gené, 2007).

É fundador xunto con Borja Fernández da compañía Arrepentimientos de Padrón e creador en solitario dos espectáculos *Ramón o camaleón* (para cafés-teatro) e *Ciganí & cía.* (show de rúa). Con estes espectáculos actuou en diferentes cidades de España e Portugal, na República Checa, Mozambique, Brasil, Cuba, Nova York... Na súa experiencia profesional tamén destaca a organización na Festa do Circo e no Festival de Gorra!

Dentro do sector audiovisual, participou na serie *Pepe o inglés*, como reporteiro no programa de Jorge Coira *Mundo Verbena*, e en múltiples curtametraxes como *The pyramid* de Marcelino Andrade (2002), *Baseado en feitos que puideron ter acontecido* (Ozo, 2003), *Pink panter in sucesión rosa* (José Díaz, 2003), *Coco e Bobo* (José Díaz, 2004), *Flavia Sándalo e o falo de Shiva* (Margarita Morello, 2006), *Formularios truculentos* (José Díaz, 2006) ou *Coincidencias tranquilas* (Gael Herrera, 2007). En 2005 escribiu e dirixiu a súa primeira curta en Rio de Janeiro chamada *As carreiras secretas*.

### Mónica García (*A Caseira, Puta, Deus, Transeúnte, Obreira*)

Actriz de teatro e cine, a súa actividade escénica dá comezo da man da compañía Chévere coa que, entre 1990 e 1994, intervén nos espectáculos *I Congreso Internacional de Monstros*, *A vida rosa. Acibeche*, *Río Bravo 02*, *Bing Bang* e *Cabaret Tan-Tan*.



A súa experiencia escénica ampliase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *Squash* (Compañía Mariás dirixida por Quico Cadaval, 1995), *Bailando en verán* e *As Troianas* (Cía. Espello Cóncavo con dirección de Arturo López, 1996 e 1997) ou *Estación Mahagonny* (Teatro do Noroeste; Jorge Castro Guedes, 1998)

Para o CDG traballou anteriormente en *Os espectros* (2002), así como ciclo no *Valle Inclán 98* (en coprodución co Centro Dramático Nacional e co Centro Dramático de Viana do Castelo, 1998) actuando en tres das catro producións que formaban parte deste espectáculo: *La cabeza del Bautista* (dirixida por Helena Pimenta), *El embrujado* (dir. Eduardo Alonso) e *Las galas del difunto* (dir. por Xosé Martíns).

Mónica García ten intervindo tamén en *Qui pro quo*, da compañía Ollomol Tranvía baixo a dirección de Evaristo Calvo (1999), *Os carros do camiño*, da compañía G.P.D. Shows & Theming (2000), *Os homes só cantan até tres* (Factoría Teatro, 2005), *Tentacular* (Chévere, 2006) e *Comida chinesa* (Teatro do Adro, 2007). Actualmente forma parte do elenco de *Animales artificiales*, a última produción de Matarile Teatro (2008).

Canto ao audiovisual, participou nas longametraxes *One day in Europe* (2005), *Para que non me esquezas* (2004), *Los lunes al sol* (2001), *O lapis do carpinteiro* (2001), *Sei quen es* (1999) e *Continental* (1989), así como nas series de televisión *A mariñeira*, *Valderrei*, *Pillados*, *Terras de Miranda*, *A vida por diante*, *A biblioteca de Iguana*, *Un mundo de historias* e *Pratos combinados*.

Entre os premios que recibiu cómpre destacar o premio María Casares á mellor actriz secundaria por *Espectros* (2003) e *Bailando en verán* (1997).

### Rocío González (*Xen Te/Xui Ta*)

Como actriz teatral, nos últimos anos traballou nas montaxes *Coitelos nas galiñas* (2001), *O canto do Dime-Dime* (2003), *O tío Vania* (2005) e *Castronós, o baile* (2007), todas elas postas en escena por A Factoría Teatro, compañía coa que actuou no espectáculo para público infantil *Iesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña* (2004), dirixido por Alfredo Rodríguez, ademais de desenvolver tarefas de axudante de dirección en *As presidentas* (2000) e *Os homes só contan até tres* (2005).



Na súa traxectoria interpretativa tamén sobresa a súa participación en *Tuanis* (2002) da compañía Nut, así como en *O regreso ao deserto* (2007), de B. M. Koltès baixo a dirección de Cristina Domínguez e no espectáculo infantil *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (2004), ambas as dúas para o CDG. Recente-mente, formou parte do elenco da compañía A contrabutaca na montaxe infantil *Robin Hood*, con dirección de Xosé Lueiro.

Rocío González ten intervido, ademais, en diferentes *performances* - *Me gusta que me lo hagas* (Espacio Aberto, 2001)-, lecturas dramatizadas e nas series de televisión *Terras de Miranda* (outubro 2005-marzo de 2006) e *A vida por diante* (marzo de 2007).

A súa formación teatral centrouse na interpretación e no traballo corporal como alumna da Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto de Santiago, onde asistiu tamén a cursos especializados impartidos por Mónica Valenciano (*Los cinco sentidos en movimiento*), Carlos Neira (acción contemporánea), Osvaldo Bermúdez (acrobacia), Manuel García (teoría teatral) e Cristina Domínguez (técnica vocal), entre outros.

### Roberto Leal (*Avó, Xu Fu, Cliente, Transeúnte*)

Roberto Leal comezou a súa formación actoral na súa Arxentina natal en 1976 no Centro de Formación Actoral. Desde a súa chegada a Galicia a mediados dos anos 80 ten traballado con diversas compañías entre as que destacan Matarile Teatro (*Un café con leite e unha ensaimada*, 1996; *Teño moitísima presión*, 2001; *Quen te quere, quen te chama*, 2002; *Acto seguido*, 2003 e *Historia Natural*, 2005), Teatro da Lúa (*Ultimamente non durmo nada*, 1999 e *A longa agoñía das centolas*, 2001) ou Teatro Galileo (*Nenerías*, 1996)



Na súa ampla carreira interpretativa sobresaee especialmente a súa participación na produción do CDG *Illa Reunión* (dirixida por Ana Vallés, 2006), así como nas montaxes *Indignos* (2004) - obra escrita e dirixida por Gena Baamonde para a compañía María A Parva pola que recibiu o Premio María Casares 2005 ao mellor actor protagonista - e *Tío Vania* (2005) - para a Factoría Teatro baixo a dirección de Cristina Domínguez, que lle valeu unha nominación ao Premio María Casares 2006 na categoría de Mellor Actor Secundario.

No apartado audiovisual, ten contribuído con pequenos papeis a longametraxes como *A los que aman* (Isabel Coixet, 1998), *Sei quen es* (Patricia Ferreira, 1999), *Autopsia* (Milagros Bará, 2002), *O camiño: a orixe* (Jorge Algora, 2003), *O partido* (Juan Calvo, 2006) e *Un cuento para Olivia* (Manane Rodríguez, 2006). Igualmente, participou en curtas como *Lluvia* (Isabel Coixet, 2000), *Sinceramente* (Juan Junquera, 2006) ou *Dejà vu* (María Caramés, 2002), entre outras.

Na televisión participou en coñecidas series da Televisión de Galicia como *A familia Pita*, *Pratos combinados*, *Galicia express*, *Rías Baixas*, *Libro de familia*, *As leis de Celavella*, *Maridos e mulleres*, *O programón*, *Somos unha potencia*, *A vida por diante...*

A súa actividade teatral esténdese igualmente á creación de textos, á dirección, á docencia e á participación en mesas redondas e debates, entre outras moitas actividades.

**Rebeca Montero (*Xin, Puta, Transeúnte, Obreira*)**


Licenciada en teatro pola Real Escuela Superior de Arte Dramático, Rebeca Montero inicia a súa actividade profesional como actriz de teatro en 1986, dentro do CDG coa obra *O enfermo imaxinario*, de Molière, baixo a dirección de Eduardo Alonso. Desde entón, traballou para a compañía pública noutras quince producións: *As alegres casadas* (1989), *Leoncio e Helena* (1993), *A fiestra valdeira* (1994), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Nau de amores* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *Si o vello Simbad volvese ás illas* (1999), *O colaborador* (2002), *Seis personaxes na procura de autor* (2005) e *Noite de Reis. Ou o que queirades* (2006).

Completan a súa traxectoria interpretativa a súa participación nas montaxes de Teatro do Noroeste *A gran noite de Fiz* (1992), de M. A. Murado; *Galileo Galilei* (1993), de B. Brecht; *Alta Comedia* (2002), de Eduardo Alonso e *O País Acuático* (2002) de Eduardo Alonso. Recentemente interveu en *A amarga emoción do perdido* (2007) para Teatro Poscrito e *Carambola* (2006) para Lagarta Lagarta, ambas as dúas baixo a dirección de Lino Braxe.

Canto ao sector audiovisual, participou nos filmes *León y Olvido* (dirixido por Xavier Bermúdez, 2003); *Blanca Madison* (Carlos Amil, 1998); *Nena* (Xavier Bermúdez, 1997); *El rey del río* (Gutierrez Aragón, 1994); e *Luz negra* (Xavier Bermúdez, 1992). Tamén en varios capítulos das series e producións *A vida por diante*, *Pepe o inglés*, *Rías Baixas*, *Avenida de América*, *Con perdón*, *Mareas vivas*, *Pratos combinados* e *Imos aló*.

Noutras facetas escénicas, desde outubro de 2006 ata xullo de 2007 traballou como asesora de monitores de teatro en dez centros de ensino de Santiago de Compostela e as súas comarcas dentro do proxecto “Talleres a escena”, da Fundació La Caixa.

### Marta Pazos (*A Cuñada, Deus, A Vella*)

Licenciada en Belas Artes na Facultade de Barcelona, a súa actividade profesional no sector escénico comeza no ano 1996 como *performer*, presentando os seus traballos en Barcelona, San Sebastián e Bologna (Italia). Como actriz de teatro, participa nas pezas *Macbeth* da Compañía La Fura dels Baus (1997) e *La mosquitera*, co Grup de Intervenció Pública (1999).



En 1999 regresa a Galicia e funda a Compañía Belmondo, coa que protagoniza as obras *Dinamita* (1999), *Lolamento (I'm sorry)* (2002) e *Sidecar* (2004), pola que foi nomeada na categoría de mellor actriz protagonista nos Premios María Casares 2005. Durante esta época, centra parte importante do seu traballo no cabaré e no teatro musical e adéntrase no mundo da dirección escénica coa produción *Sen título* para a compañía Arrepentimientos de Padrón, premio ao mellor espectáculo no Festival Internacional de Clown Festiclown 2002.

Para a compañía pública galega actuou en *Historia natural* (2005) e *Illa Reunión* (2006), ambas as dúas baixo a dirección de Ana Vallés e na coprodución xunto co Centro Dramático de Aragón *Misiles melódicos* (2005). Tamén exerceu como axudante de dirección en *Kamikaze* (Pistacatro en coprodución co CDG, 2007), e formou parte do elenco de *María de Buenos Aires* (Teatro Nacional São João do Porto, 2006).

No eido audiovisual, participou nas longametraxes *One day in Europe*, *El año de la garrapata*, *Hai que botalos*, e no documental *A Cuarta Pista*; grava as series *A vida por diante*, *Pepe o inglés*, *As leis de Celavella*, *Avenida de América* e *Pequeno Hotel*, rodou unha ducia de curtas, ademais de ser unha das integrantes da produtora Gominola de Can.

Realizou diversos deseños de escenografía para Belmondo, a compañía catalá Mea Culpa e Saprísti (que lle valeu a nominación aos premios de Teatro María Casares 2006 á mellor escenografía por *So Sobre*). No verán do 2007 funda a plataforma de creación en escena Voadora, un proxecto transnacional co actor portugués Hugo Torres que pretende servir de ponte para encontros entre creadores galegos e portugueses a través de novas linguaxes para escena e coa que xa puxo en escena a obra *PeriFeria* (2007).



### Alberto Rolán (*Sobriño, Sun, Transeúnte*)

A súa traxectoria interpretativa comeza no sector audiovisual como actor nas curtametraxes *Quadlibetos*, dirixida por Alberto Espada no ano 2000, e *A ruta do carbón*, de Xosé Lois Santiago, en 2001. Ese mesmo ano participa en *Entre bateas*, película para televisión dirixida por Jorge Coira.

En 2002 codirixe con Alberto Espada a curtametraxe *O paseo*, na que tamén intervén como actor. Actúa, ademais, noutras curtas -*Septiembre*, de José Freixal (2003); *Stop*, de Fernando Ferrer (2003); *Soberbia*, de Jairo Iglesias (2007) e *Quéreme a min*, de Rodrigo Lamas (2007)-, así como nas series *As leis de Celavella* (2004), *Rías Baixas* (2004), *Terras de Miranda* (2006) e *Valderrei* (2007), emitidas pola Televisión de Galicia.



No ámbito escénico e durante a súa etapa como alumno da Escola Espacio Aberto (1999-2003) e do Curso de Posgrao en Arte Dramática Teoría e Práctica da Interpretación da Universidade de Santiago (2004-2005), traballa en diferentes proxectos. Así, en 2002 forma parte dos elencos do cabaré *Caviar*, dirixido por Ángel Burgos e Luis Llamas, e da montaxe *Sur*, con Sandra Lesta na dirección. Ao ano seguinte, participa no espectáculo *I love you*, dirixido por Marta Pazos, e en 2005, interpreta o monólogo *La noche justo antes de los bosques*, de Koltès, da man de Carlos Neira. Este ano 2006 dirixe a montaxe *O menino da raia* e participa na produción do CDG *O regreso ao deserto* de B.M. Koltès con dirección de Cristina Domínguez.

Ten asistido a cursos monográficos impartidos por Luís Iglesias (dobraxa), Carlos Neira (acción contemporánea), Luis Brusca (teatro de rúa), Luis Llamas e Ángel Burgos (cabaré) e Ion Munduate e Blanca Calvo (danza).

**Machi Salgado (*O Policía, O Parado, Cliente, Transeúnte, Obreiro*)**

Machi Salgado dá os seus primeiros pasos no ámbito da interpretación dentro do Grupo Comité Pro-Autores Perseguidos co espectáculo *La importancia de llamarse Ernesto*, de Oscar Wilde (1995). A continuación, intervén en diferentes espectáculos da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela: *A cabeza do dragón*, de Valle Incán (1998), *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao (1999), *O burgués xentilhome*, de Molière (2000) e *Matanza*, de Roberto Salgueiro (2001). En 2003 colabora coa compañía Balea Branca nas montaxes *Ay Carmela*, de Sanchis Sinisterre e *O bico da muller araña*, de Manuel Puig.



Canto ao audiovisual, desenvolveu o papel protagonista nas curtametraxes *Género violencia* (2005), *Sin título* (2005), *Cena de amigos* (2004), *¿Dónde están los muebles?* (2004) e *Logos S.A.* (2003). Na pequena pantalla participou nas series *Cota Roja* e *Rías Baixas*.

Ademais da súa formación como alumno do curso de especialización en arte dramática da Universidade de Santiago con mestres como Manuel Lourenzo, Cristina Domínguez ou Roberto Salgueiro, asistiu, entre outros, a cursos de voz, interpretación, direccións escénica, dobraxe, maquillaxe...

### Toni Salgado (*O Home, Deus, Cliente, Transeúnte, Obreiro*)

Procedente da escena universitaria, Toni Salgado chega ao teatro profesional da man de A Factoría Teatro, compañía coa que actúa nos espectáculos *Castronós, o baile* (2007), baixo a dirección de Xan Cejudo, *Os homes só contan até tres* (2005-2006) e *O canto do Dime-Dime* (2004), dirixidos por Cristina Domínguez, e *Iesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*, (Alfredo Rodríguez, 2004).



Como integrante da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, protagonizou *Hamlet* en 2004, ademais de participar nas montaxes *Apnea* (2003), *Matanza* (2002), *O burgués xentilhome* (2001) e *Os vellos non deben de namorarse* (2000), dirixidas todas elas por Roberto Salgueiro. Para o CDG interveu na produción *O regreso ao deserto* de B.M. Koltès (Cristina Domínguez, 2006).

Na súa experiencia audiovisual, entre 2002 e 2003 realizou traballos de figuración na película para televisión *Cota Roja* e nas series *Rías Baixas* e *Avenida de América*. En 2001, participou nas curtametraxes *You are not thinking of me* (Escola de Imaxe e Son da Coruña), *A escuridade foi varrida da terra* (Servimav da Universidade de Santiago) e *Regreso á vella casa* (Facultade de Ciencias da Comunicación da USC).

Ademais do seu paso pola Aula de Teatro da USC, ten asistido a diferentes cursos e obradoiros teatrais impartidos por Artur Trillo (interpretación), Alfonso Zurro (dirección), Pascual Varo (teatro de rúa), Xosé Manuel Esperante (interpretación), Miro Moreira (formación coral, vocal e auditiva) e Ana Portela (formación rítmica e danza).

### Hugo Torres (*Wan, O Covo*)

Actor e compositor, inicia a súa andaina teatral en Trigo Limpo Teatro ACERT, do cal foi membro, participando en varias das súas producións. Estudou o bacharelato en Teatro/Interpretaçãou da ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do espectáculo) na cidade de Porto, e frecuenta o CECC (Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya) completando a súa formación artística con Bibi Perestrelo, Kot Kotecki e José Carretas (interpretación), António Tavares e Adriana Candeias (danza), Fran Pérez e Nuno Patrício (música), Miguel Andrade Gomes (esgrima) e Luís Madureira (voz). Participa en espectáculos dirixidos por Jorge Silva Melo, Junior Sampaio, João Brites, José Carretas, Rui Spranger, Nuno Cardoso, Pierre Voltz e Marcos Barbosa.



É co-responsable, xunto con Paulo Oliveira e Miguel Mendes, da dramaturxia e dirección das pezas *Teatro Explicado ao Noctívago* e *Três em Linha*. Baixo a dirección de Ricardo Pais, forma parte do elenco de *Arranha Céus* (1999), *Hamlet* de William Shakespeare (2002), *Um Hamlet a mais*, a partir de W. Shakespeare (2004), *Sondai-me! Sondheim* (2004), *Frei Luís de Sousa* de Almeida Garrett (2006), *D. João* de Molière (2006) e *O Saque* de Joe Orton (2006), todos eles representados no Teatro Nacional São João.

No Teatro Nacional de São João, participa ademais en *Barcas*, dirixido por Giorgio Barberio Corsetti (2000), *Anfitrião ou Júpiter e Alcména*, (Nuno Carinhas, 2004), *Woyzeck*, (Nuno Cardoso, 2005), *Teatro Escasso*, (António Durães, 2006), e *Beiras [Leituras Encenadas de Três Peças de Gil Vicente]*, (Nuno Carinhas, 2007).

Finalmente, participa como actor en diversas curtametraxes durante o período de 2003-07 e protagoniza a longametraxe *Poliedro* de Ignacio Nacho.

En 2007 funda xunto coa actriz Marta Pazos a plataforma de creación en escena Voadora que debuta coa montaxe *PeriFeria*, un proxecto transnacional que pretende servir de ponte para encontros entre creadores galegos e portugueses a través de novas linguaxes para escena.